

CONVOCATORIA DUN CURSIÑO PREPARATORIO DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

CMUS Profesional de Música da Coruña

O “Cursiño preparatorio de acceso ao grao elemental para alumnado con necesidades educativas especiais” é a primeira das actividades propostas polo Conservatorio Profesional de Música da Coruña, a raíz da recente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Orde do 16 de decembro de 2011, DOGA do 26 de decembro) dun proxecto para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais ás ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

Valorando a aposta pola innovación educativa así como o nivel de autonomía dos centros escolares, este proxecto suporá a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais e idades comprendidas entre os 12 e 18 anos ás ensinanzas regradas de música, para o cal será necesaria unha adaptación non soamente do currículo de grao elemental das ensinanzas de música, senon tamén a adecuación da proba de acceso a dito grao.

En relación ó recollido en dita orde sobre a proba de acceso, a Consellería de Educación autorizou ao Conservatorio Profesional de Música da Coruña a realización dun cursiño preparatorio, previo á proba de acceso, que non terá carácter oficial para os efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado.

A preparación da proba de acceso a través do presente cursiño proporcionará, tanto aos alumnos como aos profesores, unha primeira toma de contacto que axudará a definir as bases deste proxecto.

Primeiro.- Obxecto do cursoño. Esta convocatoria ten por obxecto promover a formación artístico-musical entre o alumnado con necesidades educativas especiais. Este cursoño preparatorio, previo á proba de acceso, non terá carácter oficial para os efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado

Segundo.- Requisitos de participación. Poderán solicitar a súa participación neste cursoño o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter unha idade comprendida entre os 12 e 18 anos, cumpridos no presente ano 2012.
- b) Estar escolarizados en centros ordinarios ou de educación especial. Asimesmo, o alumnado deberá ter a autonomía suficiente para desenvolverse no centro sen a axuda do profesorado ou persoal non docente.

Terceiro.-Solicitudes.

1. Os alumnos/as que desexen participar deberán solicitalo na secretaría do Conservatorio Profesional de Música da Coruña en horario de 9:30 a 13 h., cubrindo o modelo de instancia que figura como anexo I a esta convocatoria.
2. Ás solicitudes achegaráselles a seguinte documentación:
 - a) Documentación que avale as condicións de discapacidade do/a alumno/a.
 - b) Informe técnico psicopedagóxico, elaborado polo xefe/a do departamento de orientación do centro ou no seu caso equipo de orientación específico, segundo o modelo que figura no anexo II desta convocatoria. Neste informe quedarán reflectidas, entre outros aspectos, as competencias curriculares que presenta o/a alumno/a, así como as adaptacións curriculares e/ou de acceso que cómpre realizar.
3. O prazo de presentación de solicitudes será do 24 de Xaneiro ó 3 de Febreiro do presente ano.

Cuarto.- Procedemento de selección. Constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que adxudicará as 15 prazas previstas para este curso.

Esta comisión estará presidida polo director do centro, e integrada, en calidade de vogais, por:

- O vicedirector.
- O xefe de estudos.
- A persoa coordinadora de grao elemental.
- Un/unha profesor/a de linguaxe musical.

Esta comisión de valoración establecerá:

- a) A relación, por orde de prioridade, do alumnado con n.e.e. proposto para a súa participación no programa, con indicación da quenda.
- b) A relación de alumnos/as excluídos, que incluírá aqueles que presentasen a solicitude fóra de prazo, así como os que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.
- c) A relación de alumnos/as en lista de espera, para cubrir posibles baixas ou renuncias.

Quinto.- Criterios de selección. Valoraranse as características persoais do alumnado, e fundamentalmente as posibilidades reais de participación no acceso ás ensinanzas de grao elemental. Para valorar estes aspectos terase en conta a información dos anexos presentados.

Sexto.- Desenvolvemento do curso. O curso terá lugar dende o vindeiro luns 27 de febreiro ata o venres 8 de xuño de 2011, en sesións grupais dunha hora semanal, en día e horario a determinar nunha primeira reunión informativa á que serán convocados/as os alumnos/as beneficiarios/as. O venres 24 de febreiro os pais/nais do alumnado seleccionado serán convocados para unha reunión informativa.


As faltas de asistencia deberán ser debidamente xustificadas ó profesor. Permitiranse un número máximo de 3 faltas sen xustificar, causando baixa inmediata no curso no caso de superalas. Neste caso, a praza vacante será adxudicada ao seguinte alumno/a en lista de espera.

Sétimo.- Proposta do alumnado beneficiario. A proposta dos alumnado seleccionado pola comisión de valoración farase pública no taboleiro do centro así como na súa páxina web o día 10 de febreiro (www.conservatorioprofesionalcoruna.com).

Oitavo.- Reclamacións. Contra a proposta do alumnado seleccionado pola comisión de valoración poderase interpoñer reclamación ante a dirección do centro, no prazo máximo de 5 días naturais.

Novena.- Resolución definitiva Transcorrido o prazo de reclamacións, a resolución definitiva será publicada polo centro, a través do seu taboleiro e páxina web.

En A Coruña, a 20 de xaneiro de 2012
O director.



Asdo/ Jesús López Prado.



ANEXO I

Instancia de solicitude de participación no curso preparatorio de acceso a grao elemental para alumnos/as con necesidades educativas específicas que terá lugar no CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA

D. _____

Como: pai / nai / titor de

NOME		APELIDOS	
IDADE		DATA DE NACEMENTO	
DIRECCIÓN		CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO DE CONTACTO	
EMAIL			

Solicita a participación do seu fillo/a no curso preparatorio de acceso a grao elemental para alumnos/as con necesidades educativas específicas que terá lugar no CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA.

E aporta a seguinte **dokumentación**:

Dokumentación que avale as condicións de discapacidade do/a alumno/a.

Informe técnico psicopedagógico.

En A Coruña, a ____ de _____ de 2012

(Firma)

ANEXO II

Informe psicopedagógico

NOME	APELIDOS	IDADE
CENTRO/LOCALIDADE		CÓDIGO
PROFESIONAIS QUE INTERVAÑEN		
1. DATOS RELEVANTES DO DESENVOLVEMNTE XERAL		
1.1. EVOLUTIVO – SAÚDE. Datos relevantes que poidan incidir nas súas aprendizaxes musicais.		
1.2. ESCOLAR. Valoración global do nivel de competencia curricular nas áreas instrumentais.		
1.3. CAPACIDADES COGNITIVAS. Habilidades cognitivas, manipulativas, hábitos, ritmo de traballo, estratexias de comprensión, xeneralización de aprendizaxes.		
1.4. OUTROS FACTORES		
2. PRINCIPAIS MEDIDAS ADOPTADAS PARA A SÚA ATENCIÓN EDUCATIVA		
2.1. ADAPTACIÓN DO ACCESO AO CURRÍCULO. Materiais, recursos, organización de espazos, sistemas de comunicación, recursos persoais.		
2.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES. Non significativas: metodolóxicas, avaliación; significativas: ACI.		
3. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O CONSERVATORIO (p.ex. coñecementos musicais previos)		

En A Coruña, a ____ de _____ de 2012
O/A psicopedagogo/a